Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Monte dos Remedios

O Monte dos Remedios, probablemente un castro, está en San Xoán de Tirán, Moaña (Pontevedra), hai unha pedra co debuxo dunha serpe. Na noite de San Xoán, despois de apagarse as fogueiras aparecía alí unha muller vella cunha caiada na man, sentada na pedra que hai diante da capela de Virxe do Castro. Se alguén se achega, a muller desaparece. Quen quixo saber dela e foi ver ó día seguinte atopou unha serpe dando voltas arredor da ermida. Disque foi esta muller a que matou a serpe que se ve na pedra.

Tamén se di que a serpe se convirte en bruxa, e que desaparece cando se achega alguén, e que a noite de San Xoán son bruxas, ¿ou mouras?, as que andan arredor da ermida pero ó amencer xa non están.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

GARCÍA ALÉN, A., PEÑA SANTOS, A. de la, Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra, A Coruña, 1980.

VILLAVERDE ROMÁN, X. C., Lendas de Moaña, Agrupación cultural Nos, Moaña, 1988.

Bibliografía:

APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.